



CONCELLO DE BEGONTE

CADRO RESUMO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DE BEGONTE.

1. PODER ADXUDICADOR:			
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE BEGONTE.	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: XUNTA DE GOBERNO	Número de Expediente	s.n /2014
		Tipo de Procedemento	ABERTO
		Publicidade:	SI
		Tipo de Contrato:	SERVIZOS
		Tramitación:	ORDINARIA
		Criterios Adxudicación:	VARIOS CRITERIOS.
2. OBXECTO DO CONTRATO: Prestación do Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes valoradas do Concello de BEGONTE.			
CPV: 85312400-3		DESCRIPCIÓN DE CPV: Servizos de Benestar Social non prestados por Institucións Residenciais.	
3. IMPORTE DO CONTRATO			
IMPORTE NETO: 396.194,96 €	IVE (4%) 15.793,04 €.	<u>IMPORTE TOTAL</u> 411.988,00 €	GASTOS PUBLICIDADE: Por conta do Adxudicatario.
ANUALIDADES:			
EXERCICIO: 2014	EXERCICIO: 2015	EXERCICIO: 2016	EXERCICIO:
REVISIÓN DE PREZOS: SI			
FORMULA: 85% do IPC		SISTEMA DE REVISIÓN :	
4. FINANCIACIÓN			
<u>FINANCIACIÓN DO CONCELLO:</u> 79.045,20 €.	<u>FINANCIACIÓN C. AUTONOMA:</u> 332.942,80 €	FINANCIACIÓN OUTROS:	
5. PRAZO DE EXECUCIÓN			
DOUS (2) ANOS	PRÓRROGA: SI (1 + 1)	DURACIÓN MÁXIMA: 4 ANOS	
6. GARANTÍAS			
PROVISIONAL: NON			
DEFINITIVA : SI	ASCENDE AO 5% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, EXCLUIDO IVE.		
COMPLEMENTARIA: NON			
7. MESA DE CONTRATACIÓN: SI			
8. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	NON PROCEDE EN APLICACIÓN DO INFORME 51/09, DE 1 DE FEBREIRO DO 2.010, DA XUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA.		



CONCELLO DE BEGONTE

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Xustificación da elección do procedemento.

1.1.- En cumprimento do establecido no artigo 109.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante TRLCSP), o procedemento aberto xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concurrir circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nen ningún dos supostos que permiten a utilización de calquera outro tipo de procedemento (artigo 138.2 TRLCSP)

1.2.- A valoración dos diferentes criterios para a adxudicación do presente contrato ven imposta no artigo 150.3.g) do mencionado Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Obxecto do contrato

2.1.- Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación das tarefas integradas no Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes valoradas no ámbito do Concello de Bergonte, nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas e no presente Prego.

2.2.- A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse as prescricións técnicas que se recollen no prego de prescricións técnicas que teñen carácter contractual.

2.3.- O obxecto corresponde ao código 85312400-3 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea (CPV) Servizos de Benestar Social no prestados por Institucións Residenciais.



CONCELLO DE BEGONTE

CLÁUSULA TERCEIRA. Órgano de contratación.

3.1.- O órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Begonte, é a Xunta de Goberno Local.

3.2.- O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

CLÁUSULA CUARTA. Réxime Xurídico e Xurisdición.

4.1.- O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 10 e 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (categoría 25 do Anexo II do mencionado texto legal).

4.2.- Non se admite a posibilidade de presentación de variantes ou alternativas.

4.3.- O presente contrato non se encontra suxeito a regulación armonizada, en razón da súa contía por aplicación do sinalado no artigo 16 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

4.4.- A contratación ten carácter administrativo e rexeráse, no non establecido neste Prego, polo previsto na Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Begonte, na Lei de Servizos Sociais de Galicia e tamén na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22, do 2 de febreiro de 2009).

4.5.- Da mesma forma será aplicable ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ó Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente



CONCELLO DE BEGONTE

tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

4.6.- Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

4.7.- As cuestións litigiosas surtidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados mediante recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa con cumprimento dos requisitos establecidos na lei reguladora de dita xurisdición.

CLÁUSULA QUINTA. Procedemento de Selección e Adxudicación

5.1.- A forma de adxudicación do contrato do servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5.2.- Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEXTA. Perfil de contratante

6.1.- Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellodebegonte.es



CONCELLO DE BEGONTE

6.2.- No perfil do contratante publicárase a licitación e a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

CLÁUSULA SÉTIMA. ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

7.1.- O presuposto base de licitación fíxase na cantidade de 11,54 euros/hora ordinaria + 0,46 euros correspondentes ó importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) facendo un total de 12,00 euros/hora, e de 12,50 euros/hora extraordinaria + 0,50 € de IVE, facendo un total de 13,00 euros/hora.

7.2.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transporte, desprazamentos, honorarios do persoal técnico ó seu cargo que preste o servizo, taxas e toda clase de tributos.

7.3.-Terán a consideración de horas ordinarias as prestadas de luns a sábado, en días laborables, en horario de 8.00 a 22.00 e horas extraordinarias as prestadas de luns a sábado, de 22,00 h. a 8.00 h., e os domingos e os festivos as 24 horas. Consideraránse festivos únicamente os días sinalados no calendario laboral vixente.

7.4.-As ofertas económicas que presenten os licitadores, non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación, e indicarán separadamente o importe do IVE que deba ser repercutido ó Concello de Begonte en cumprimento do disposto no artigo 87.2 do TRLCSP.

7.5.-Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores.

7.6.-O montante previsto de horas a contratar queda establecido como segue:

<u>Estimación horas/ano</u>	<u>Prezo sen IVE</u>	<u>Incremento IVE</u>	<u>TOTAL ANUAL.</u>
17.112 horas ordinarias	197.472,48	7.871,52	205.344,00 €.
50,00 horas extraord.	625,00	25,00	650,00 €.
TOTAL ANUAL:	198.097,48	7.896,52	205.994,00 €.

TOTAL PREZO DO CONTRATO (2 ANOS) :

411.988,00 €.



CONCELLO DE BEGONTE

7.7.- En función das necesidades da prestación do servizo, as horas anuais fixadas podrán sufrir variacións, que, en todo caso, serán obrigatorias para o contratista.

7.8.- O número de horas do contrato son unha estimación polo que o contratista só terá dereito a percibir o importe das horas efectivamente realizadas e sen que a redución de horas xere dereitos de indemnización para o adxudicatario.

7.9.- Dado que o número de horas do contrato é unha estimación, no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite a dispoñibilidade orzamentaria) –ao abeiro do artigo 106 do TRLCSP- o contrato incrementando o número de horas de atención cun custo máximo que non poderá superar o 20% do prezo de licitación do contrato excluído o IVE.

7.10.- O periodo de tempo nos desprazamentos aos domicilios para prestar o servizo, considerase incluído no precio do contrato por hora realizada.

7.11.-O Valor estimado do presente contrato, tendo en conta o establecido no artigo 76 LCSP (importe total, sen incluír IVE, prevendo as eventuais prórrogas – 4 anos -), é o seguinte:

68.448,00 horas/ord. x 11,54 euros =	789.889,92 euros.
200,00 horas/extraord. X 12,50 euros =	2.500,00 euros.
TOTAL VALOR ESTIMADO DO CTO.....	<u>792.389,92 euros.</u>

CLÁUSULA OITAVA. EXISTENCIA DE CRÉDITO.

8.1.- A execución do presente contrato financiarase con carácter plurianual.

8.2.- No Orzamento Xeral do Concello de Begonte , existe crédito axeitado e suficiente, con cargo á aplicación 233.2273 do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio de 2014.

8.3.- Asi mesmo a financiación do contrato conta con subvención para a súa execución por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

8.4.- De conformidade co establecido no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a realización do gasto plurianual para os exercicios de 2015 e 2016, quedará



CONCELLO DE BEGONTE

subordinada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Presuposto Xeral do Concello para ditos anos.

8.5.- Da mesma forma e en caso de prórroga, a eficacia do contrato quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos correspondentes Orzamentos Xerais do Concello para este fin.

CLÁUSULA NOVENA. REVISIÓN DE PREZOS

9.1.- O prezo da presente contratación poderá revisarse de acordo co índice de prezos ao consumo no período correspondente sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado (artigo 90.3 TRLCSP).

9.2.- A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, unha vez transcurrido un ano dende a súa adxudicación, data que se tomará como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 91.3 do TRLCSP.

9.3.- O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio (artigo 94TRLCSP), mediante o abono ou desconto correspondente nos pagos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non poidan incluírse en devanditos pagos parciais.

CLÁUSULA DÉCIMA. DURACIÓN DO CONTRATO.

10.1.- O contrato terá un prazo máximo de execución inicial de dous (2) anos, a contar dende o día que se estipule no contrato.

10.2.- O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por periodos de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de 4 anos, sendo tal prórroga obrigatoria para o empresario, ao amparo do disposto no artigo 23.2 do TRLCSP.

10.3.- No caso de que o contrato se prorrogue, manteranse inalterados os prezos unitarios iniciais, sen prexuízo das posibles revisións de prezos que procedan, de conformidade co establecido na cláusula 9 do presente prego.

10.4.- Se chegado o término do período de contratación, inicial ou prorrogado, o Concello de Begonte non conta cun novo adxudicatario, a empresa contratista deberá continua-



CONCELLO DE BEGONTE

la prestación do servizo ata que un novo adxudicatario ou o propio Concello se faga cargo do mesmo ata un máximo de 3 meses, nas condicións vixentes nesa data.

10.5.- Ó ter o presente contrato a consideración de plurianual, respetaranse en todo caso, os límites previstos no artigo 174.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, salvo que o Pleno, dacordo co previsto no artigo 174.5 do mencionado texto legal, eleve as porcentaxes a que se refire o artigo 174.3 anteriormente mencionado.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. GARANTÍA PROVISIONAL.

11.1.- Ao abeiro do disposto no artigo 103.1 do TRLCSP, non resulta esixible a prestación de garantía provisional.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

12.1.- Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

12.2.-Os licitadores deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

12.3.- As empresas que concorran á licitación deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Título VIII da Lei 13/2008, de servicios sociais de Galicia, na normativa reguladora do réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servicios sociais, e de conformidade co disposto na Lei 39/2006, de 14 de decembro e no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servicios sociais en Galicia e na correspondente normativa estatal e autonómica de desenvolvemento.

12.4.- A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten



CONCELLO DE BEGONTE

as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidad a que se refire o artigo 55 do TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

12.5.- . A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

12.6.- No caso de unións de empresarios estarase ó disposto nos artigos 58 e 59 do TRLCSP.

12.7.- Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión



CONCELLO DE BEGONTE

con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

12.8.- A efectos de licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

12.9.- No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, dentro do prazo de quince días seguintes ó da data en que reciba a notificación da adxudicación.

12.10.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ó resto das empresas licitadoras (artigo 56.1. TRLCSP).

12.11.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

12.12.- Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Secretario-Interventor da Corporación ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. CLASIFICACIÓN.

13.1.- En base ás consideracións e conclusións recollidas no informe 51/09, de 1 de febreiro do 2010, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, non se esixe clasificación.



CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

14.1.- As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Begonte, (Praza Irmáns Souto Montenegro, nº 1, CP 27373- Begonte-Lugo) en horario de atención ao público (de 9:00 14:30 horas), dentro do prazo de QUINCE DÍAS (15) NATURAIS contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil do contratante do órgano de contratación.

14.2.- As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximes Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

14.3.- Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (982-39.60.27) ou telegrama no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

14.4.- A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

14.6.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

14.7.- Se algunha proposta económica carecera de concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do orzamento de licitación ou variara substancialmente o modelo establecido, será descartada pola Mesa de Contratación.

14.8.- A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo



CONCELLO DE BEGONTE

empresario das cláusulas do presente Prego, sen excepción algunha.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

15.1.- As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente Servizo de Axuda a domicilio na modalidade de Dependencia no Concello de Begonte, e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

15.2.- **SOBRE Nº1.- Subtitulado Documentación Xeral Servizo de Axuda a domicilio na modalidade de Dependencia no Concello de Begonte.**

15.2.1.- Neste sobre, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona a continuación, por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. Esta declaración no modelo que se incorpora como ANEXO I, polo tanto, será única documentación a incluír neste sobre no momento da presentación das ofertas.

15.2.2.- O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

15.2.3.- En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

15.2.4.- Polo tanto, o documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, presentaranse no seu momento, na forma seguinte:

15.2.4.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:



CONCELLO DE BEGONTE

15.2.4.1.a) Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

15.2.4.1.b). As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

15.2.4.1.c) Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo, o una súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato. Así mesmo deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española ou da Secretaría Comercial de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Competitividade relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos e entidades do sector público asimilables ós enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 TRLCSP).

15.2.4.1.d) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de



CONCELLO DE BEGONTE

suficiencia por letrado en exercicio ou por notario.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

15.2.4.1.e) Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa. As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

15.2.4.1.f) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (artigo 73 e 146.c TRLCSP), sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.



CONCELLO DE BEGONTE

Axustado ao seguinte modelo:

D./D^a.....con D.N.I.....e domicilio en
..... provincia de rúa
..... número En nome
propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación
do contrato de prestación do servicio
.....:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Asimesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

15.2.4.1.g) Pago do IAE (Imposto de Actividades Económicas). Declaración responsable firmada polo licitador de atoparse ó corrente no pago do IAE correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta e na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

15.2.4.1. h) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A solvencia económica e financeira do empresario acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente á deste contrato.
- b) Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios.



CONCELLO DE BEGONTE

Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos 3 últimos anos é superior o prezo anual do contrato.

A solvencia técnica dos empresarios acreditarase polos seguintes medios.

- a) A relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos e privados dos mesmos, acompañada de certificados de oba execución para os máis importantes.
- b) O compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para leva-la a cabo adecuadamente, medios que deberá detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considerase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) do TRLCSP (artigo 64 TRLCSP).
- c) Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

15.2.4.1.i) Documento de habilitación empresarial ou profesional. Os licitadores deberán acreditar estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais e contar con tódalas autorizacións e habilitacións esixidas na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e demais normativa de desenvolvemento para prestar o programa de axuda no fogar.

15.2.4.1.j) Copia do CIF da empresa no caso de ser persoa xurídica e do D.N.I. no caso de ser persoa física.

15.2.4.1.k) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.



CONCELLO DE BEGONTE

15.2.4.1.I) Declaración de empresas vinculadas.No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

15.2.4.1.II) Autorización para a cesión de información relativa á obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado e Comunidade Autónoma en procedementos de contratación. Axustarase ao seguinte modelo:

D./D^a con DNI número.....e residencia enprovincia de rúanúmero.....actuando en nome propio ou da empresaá que representa no procedemento de adxudicación polo procedemento aberto

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar data e sinatura do propoñente)

15.2.4.1.m) Declaración responsable de non ter sido adxudicataria ou ter participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, nen ser empresa vinculada a elas, entendéndose por tales as que se encontran nalgún dos supostos previsto no artigo 42 do Código de Comercio. Axustarase ao seguinte modelo:

D./D^a.....conD.N.I.....e domicilio en provincia de rúa



CONCELLO DE BEGONTE

..... número En nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato (Título).....:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro. Ter plena capacidade de obrar.

Segundo. Dispor das condicións de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, para celebrar contratos co sector público.

Terceiro. Non ter participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concurrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ó resto das empresas licitadoras.

Cuarto. Contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

(Lugar, data e firma do proponente).

15.2.4.1.n) Índice de documentos que integran o sobre. Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran enunciado numéricamente.

15.2.4.1.o) Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

15.3. **SOBRE Nº 2.- Subtitulado Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON aviliables mediante fórmulas matemáticas (subxectivos)** para a licitación mediante procedemento aberto do Servizo de Axuda a domicilio na modalidade de Dependencia no Concello de Begonte.

15.3.1.- A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas



CONCELLO DE BEGONTE

correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2) quedando excluídas da valoración aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

15.3.2.- Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

15.3.3.- A súa extensión máxima será de 25 folios DIN A4 redactados en fonte de letra TIMES NEW ROMAN e tamaño 11 a unha soa cara. Non obstante o anterior:

- a) Admitirase a presentación de diagramas, planos ou cadros explicativos en formato DIN A3 se ben sempre sen exceder do límite máximo de 25 folios e cun máximo de 3 por proposición.
- b) Exclúese do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliábles mediante cifras.

15.3.4.- As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente excluídas da valoración.

15.3.5.- Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, as condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación.

15.3.6.- Así mesmo, será motivo de exclusión da valoración:

- a) o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade (asinada e selada en tódalas follas) polo licitador.
- b) A inclusión no sobre de folletos, documentos publicitarios, etc... sempre e cando os mesmos non figuren numerados correlativamente dentro da documentación en soporte papel e con extensión máxima de 25 folios DIN A4.

15.4. **SOBRE Nº 3 Subtitulado Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliábles mediante fórmulas matemáticas (obxectivos)** para a



CONCELLO DE BEGONTE

licitación mediante procedemento aberto do Servizo de Axuda a domicilio na modalidade de Dependencia no Concello de Begonte.

15.4.1.- Neste sobre incluírase a documentación técnica e económica necesaria para valorar os aspectos que o Concello teña en conta na selección da oferta adxudicataria que se establecen no cadro de características e cuio contido se especifica no ANEXO nº IV do presente prego.

15.4.2.- Os documentos a presentar polo licitador serán orixinais debidamente firmados e selados

15.4.3.- A proposición económica axustarase ó modelo recollido no ANEXO nº II do presente Prego.

15.4.4.- Será motivo de exclusión da licitación o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade (asinada en tódalas follas) polo licitador.

15.4.5.- O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas (artigo 145.3 TRLCSP).

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Criterios de Adxudicación

16.1.- Os criterios de selección que servirán de base para a adxudicación do contrato serán os seguintes por orde de puntuación:

- Oferta Económica : Ata 40 puntos.
- Proxecto de traballo da empresa: Ata 40 puntos.
- Melloras no servizo : Ata 20 puntos.

16.2.- A forma de valoración concreta de cada un dos criterios recollese no Anexo III e IV do presente prego.



CONCELLO DE BEGONTE

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Mesa de Contratación

17.1.- A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 320 e no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

17.2.-Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente, que actuará como Presidente da Mesa.
- Vogais:
 - O Secretario-Interventor da Corporación.
 - A Traballadora Social do Concello.
 - O Concelleiro Delegado de Servizos Sociais.
 - Secretario: Un funcionario da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Apertura de Proposicións.

18.1.- A Mesa de Contratación constituirase o 2º día hábil seguinte ao da finalización do prazo , agás sábados, as 13:00 horas, calificando a documentación administrativa contida nos sobres “ Nº1”. A Mesa poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

18.2.- Posteriormente reunirse a Mesa en acto público o quinto día hábil seguinte o da finalización do prazo agás sábados as 13:00 horas para proceder a apertura dos sobres “Nº 2” e dará conta da documentación presentada para ser valorada mediante



CONCELLO DE BEGONTE

os criterios non cuantificables mediante mera fórmula matemática (criterios subxectivos), ordenando a remisión da mesma ós servizos técnicos presentes no acto para a súa avaliación e ponderación.

18.3.- A convocatoria para a apertura dos sobres “Nº2” publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de 3 días hábiles a súa celebración.

18.4.- As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adjudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

18.5.- No prazo máximo de 20 días hábiles - a contar dende a apertura do sobre Nº 2 - realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior, e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estimen oportunos, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do SOBRE Nº 3, que contén os criterios de adjudicación avaliábeis mediante fórmula matemática, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de 3 días hábiles a través do perfil do contratante do órgano de contratación e por correo electrónico.

18.6.- Constituída a Mesa de Contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta do resultado da avaliación das ofertas conforme ós criterios non cuantificables mediante fórmula (criterios subxectivos), realizada polos servizos técnicos, invitando ós asistentes a formular observacións ou a pedir as aclaracións ou explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións ou contestacións pertinentes, pero sen que en ningún momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

18.7.- A continuación, O/A Secretario/a da Mesa, procederá á apertura dos Sobres “Nº 3” e dará lectura das proposicións económicas dando conta asimismo da documentación aportada para a súa valoración conforme ós criterios cuantificables mediante fórmula matemática (criterios obxectivos).



CONCELLO DE BEGONTE

18.8.- Concluída a apertura de proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

18.9.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos procederá a elevar ao órgano de contratación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao Concello (artigo 160.2 TRLCSP).

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

* En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, segundo o cal “as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e subastas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.

* En segundo lugar, de conformidade co previsto no artigo 33.1 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia e no artigo 3.2 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, resolverase a favor da empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores/as fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, sendo o incumprimento de tal condición causa de resolución.



CONCELLO DE BEGONTE

* En terceiro lugar, de conformidade co previsto no artigo 33.1 da Lei 13/2008, de Servicios Sociais de Galicia e no artigo 3.2 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servicios sociais comunitarios e a súa financiación, resolverase a favor da empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

* En cuarto lugar, de conformidade co previsto no artigo 33.3 da Lei 13/2008, de Servicios Sociais de Galicia e no artigo 3.2 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servicios sociais comunitarios e a súa financiación, resolverase a favor das proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña unha relación directa co obxecto do contrato.

* Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Garantía Definitiva

19.1.- Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

19.2.- Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros,



CONCELLO DE BEGONTE

cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

19.3.- A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

19.4.- Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados

20.1.- De conformidade co disposto no artigo 153.2 do TRLCSP non se establecen nestes Pregos parámetros obxectivos para a determinación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Documentación a presentar para a adxudicación.

21.1.- Ó órgano de contratación requerirá ó licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requerimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e recollida na cláusula 15.2 do presente prego así como de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se compromete a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de



CONCELLO DE BEGONTE

Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

21.2.- O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Adjudicación.

22.1.- Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

22.2.- En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

22.3.- A adjudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

22.4.- Cando para a adjudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adjudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións (artigo 161.2 TRLCSP)

22.5.- A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.



CONCELLO DE BEGONTE

- Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

22.6.- A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Formalización do Contrato

23.1.- A formalización do contrato en documento administrativo, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas e do de prescricións técnicas, efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

23.2.- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal (artigo 59 TRLCSP).

23.3.- O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

23.4.- Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

24.1.- O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

24.2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista (artigo 215 TRLCSP).



CONCELLO DE BEGONTE

24.3.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

24.4.-Será obrigaón do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis (artigo 214 TRLCSP).

24.5.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para tódolos efectos, a condición de empresario.

24.6.- A empresa contratista asume a obrigaón de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en caso de baixa ou ausencia, as obrigaóns legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigaóns legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

24.7.- A empresa contratista velará especialmente por que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.



CONCELLO DE BEGONTE

24.8.-O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

24.9.- A empresa adxudicataria estará obrigada a subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais. Así ven obrigado a adscribir á súa empresa os traballadores que actualmente están prestando o servizo, de conformidade co disposto no vixente Convenio Colectivo de traballo do Sector de Asistencia Domiciliaria.

Aos efectos de que as empresas licitadoras poidan ter información sobre as condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación nos termos previstos no artigo 120 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, inclúese Anexo V ao presente Prego no que se indican as condicións dos contratos dos traballadores a adscribir e o custo laboral que conlevará a subrogación.

24.10.- O adxudicatario comprométese a cubri-las baixas que se produzan no persoal que ocupa os postos de traballo por causas de vacacións, enfermidade, accidentes, etc. Na súa oferta consideraranse incluídas as previsións económicas e doutra índole para ditas suplencias.

24.11.- O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e para cumprir coa mesma e a tal fin deberá achegar ó Concello con carácter previo ó inicio da prestación a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.



CONCELLO DE BEGONTE

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

24.12.- Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato. A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento ó Concello.

24.13.- Ós efectos do establecido no artigo 223 do TRLCSP as obrigas establecidas nesta cláusula en material laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación e abono.

24.14.- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro). Esta obrigación ten carácter de esencial aos efectos previstos no artigo 118 e 223 f) do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Gastos por conta do contratista.

25.1.- Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación , adxudicación e formalización , así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.



CONCELLO DE BEGONTE

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Responsabilidade e seguro.

26.1.- O adxudicatario será responsable de tódolos danos e perxuizos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polo seu persoal ou como consecuencia dos traballos obxecto do contrato. Esta responsabilidade non rematará ata que se cumpra totalmente o prazo de duración do contrato.

26.2.- Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo:

- Copia da póliza e do recibo de seguros de accidentes con cobertura durante as actividades do servizo de axuda a domicilio máis o risco in-itinere, sendo os capitais ou garantías mínimas as seguintes:
 - a) Falecemento por accidente: 40.000 euros.
 - b) Asistencia sanitaria ilimitada en centros concertados.
- Copia da póliza e do recibo de responsabilidade civil por un valor mínimo de 600.000 euros por sinistro e 150.000 euros por vítima.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Confidencialidade

27.1.- A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto do contrato e que teña a consideración de confidencial.

27.2.- A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poideran ter coñecemento por razón da execución do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal.



CONCELLO DE BEGONTE

27.3.- De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Begonte con motivo da execución do presente contrato, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

27.4.- Unha vez cumpridos os servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Destino e propiedade intelectual.

28.1.- Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Begonte con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

28.2.- En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

28.3.- A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.



CONCELLO DE BEGONTE

CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. ABONOS Ó CONTRATISTA.

29.1.- O importe da adjudicación será satisfeito ao contratista, por meses vencidos, con cargo aos créditos previstos no Orzamento da Corporación, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente realizadas, coa conformidade do Técnico de Servizos Sociais municipais responsable do servizo e a fiscalización da Secretaría-Intervención.

29.2.- A factura incluírá, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 RXLCAP, os seguintes:

* Destinatario do contrato: Departamento de Servizos Sociais.

* Código asignado ao expediente da persoa beneficiaria (será facilitado polo Departamento de Servizos Sociais).

* Horas asignadas a cada persoa beneficiaria.

29.3.- Coa factura a entidade prestadora achegará:

a) A relación nominal de persoas beneficiarias atendidas, para que o Concello poida comprobar que coincida cos datos que figuran en cada expediente.

b) Copia do TC1 e TC2 boletíns de cotización á Seguridade Social.

CLÁUSULA TRIXÉSIMA. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

30.1.- Unha vez perfeccionado o contrato poderanse introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos usuarios do servizo.

30.2.- De conformidade co artigo 105.2 do TRLCSP, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente,



CONCELLO DE BEGONTE

na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b) TRLCSP.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO PRIMEIRA. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

30.1.-Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato non poderán ser cedidos a un terceiro.

30.2.-Tampouco poderá ser obxecto de subcontratación a execución da prestación principal de axuda no fogar, entendendo por tal as atencións de carácter básico, regular e continuado realizadas no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo.

30.3.-Tan só poderán subcontratarse prestacións complementarias do servizo, así como as que non teñan carácter regular e as que se poidan executar fora do domicilio ou sexan un reforzo das atencións.

30.4.- Para levar a cabo a subcontratación, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

- a) Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.
- b) Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.
- c) Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 60% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe acumulado, incluído o que é obxecto da



CONCELLO DE BEGONTE

comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

d) Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 do TRLCSP.

30.5.- O contratista queda suxeito ao disposto no artigo 228 do TRLCSP en canto ao réxime de pago a subcontratistas e subministradores.

30.6.-A infracción destas condicións así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato (artigo 227.3 TRLCSP).

30.7.- Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte ó Concello polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO SEGUNDA. CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

32.1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste Prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

32.2.- Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

32.3.- Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO TERCEIRA. Prazo de Garantía

33.1.- O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía DUN ANO, a



CONCELLO DE BEGONTE

contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

33.2.- Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a emenda dos mesmos.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO CUARTA. Devolución ou cancelación da garantía definitiva.

34.1.- Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

34.2.- Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato (ou 6 meses no caso de contratos de importe inferior a 100.000 euros) sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por Incumprimento

35.1.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,50 euros por cada 1.000,00 euros do prezo do contrato.

35.2.- Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.



CONCELLO DE BEGONTE

35.3- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

35.4.- As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato.

36.1.- A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, cos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do mencionado texto legal.

36.2.- Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

Begonte, a 14 de Outubro de 2014.

O ALCALDE

Asdo. José Ulla Rocha.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO I.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PROCEDEMENTO ABERTO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE BEGONTE.

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º __, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación do servizo de _____.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente en _____, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixida para este contrato e que se especifica neste prego.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade a que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Que a entidade encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que non fai parte dos órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo dos referidos na Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei



CONCELLO DE BEGONTE

53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.

— Que nin o asinante da declaración nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento é cónxuxe, persoa vencellada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas a que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto destes últimos, estas persoas teñan a súa representación legal).

— Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

— Que a entidade CONTA/NON CONTA¹ coa autorización de entidade prestadora de servizos sociais e conta con tódalas autorizacións e habilitacións esixidas na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e demais normativa de desenvolvemento para prestar o programa de axuda no fogar (autorización de inicio actividades para o programa de axuda no fogar).

— Que o asinante e/ou a entidade á que representa TEN/NON TEN² participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato.

— Que o asinante e/ou a entidade á que representa É/NON É³ empresa vinculada á algunha que teña participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, entendéndose por tales as que se encontran nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio.

— Que a entidade á que representa É/NON É⁴ unha entidade sen ánimo de lucro debidamente rexistrada e autorizada para prestar os servizos.

— Que a entidade á que representa É/NON É⁵ unha cooperativa debidamente rexistrada e autorizada para prestar os servizos.

— Que a entidade á que representa ten na súa plantilla un número de traballadores



CONCELLO DE BEGONTE

minusválidos nunha porcentaxe do _____

— Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentarn variación⁶

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (número _____).

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (número _____).

— Que en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, sobre empresas vinculadas, a entidade á que represento (consignar o que proceda:

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concurra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ó grupo de empresas _____ ou está integrada por algún socio no que concurra algún dos supostos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)
b)

— Que a entidade a que representa CONCORRE/NON CONCORRE⁷ ó proceso de licitación en UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS. (no caso de concurrer en unión temporal deberá facer constar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles así como o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal de empresarios en caso de resultar adxudicatarios e a designación dun representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven.

— Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

— Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.



CONCELLO DE BEGONTE

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adjudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

¹ Riscar o que proceda.

² Riscar o que proceda.

³ Riscar o que proceda.

⁴ Riscar o que proceda.

⁵ Riscar o que proceda.

⁶ De estar inscrito nun rexistro oficial deberá adxuntar a correspondente certificación. A certificación terá os efectos previstos no artigo 83.1 do TRLCSP.

⁷ Riscar o que proceda.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO II.

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA PROCEDIMENTO ABERTO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE BEGONTE.

D./D^a..... Con domicilio en
.....rúa.....nº.....

teléfono..... Con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa)
nº..... actuando en nome propio (ou en representación de
..... Con DNI ou CIF nº..... e con domicilio en
.....nº..... teléfono.....) enterado do anuncio

publicado no Boletín Oficial da Provincia número de data toma parte
no procedemento aberto PARA CONTRATACIÓN DA ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DE
SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE BEGONTE e fai
constar que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rixen dito
contrato e se compromete a realiza-lo servizo con suxeción ó mesmo, polo importe que se
sinala a continuación e con arreglo ó seguinte desglose:

- a) Prezo hora (Ord. e Extraord.) sen IVE:.....
- b) IVE:
- c) TOTAL (A+B):
- d) Orzamento máximo sen IVE:
- e) IVE:
- f) TOTAL ORZAMENTO(D+E):

Asimesmo comprométese a ofertar as seguintes melloras:

- Plan Formación do Persoal: ----- horas anuais.
- Servizos Complementarios : ----- sesións anuais.
- Axudas Técnicas:
 - Grúas de mobilización persoal: ----- unidades.
 - Camas articuladas: ----- unidades.

....., de de 20.....

O LICITADOR (Asinado e rubricado)



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO NºIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN SUBXECTIVA - SOBRE 2.

MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVICIO.

PROXECTO DE TRABALLO: Máximo de 40 puntos.

Os distintos aspectos que serán obxecto de valoración serán os seguintes:

- A organización, xestión, metodoloxía, funcionamento do servizo, protocolos de seguimento, medios técnicos, materiais e humanos así como a adecuación do proxecto de traballo á realidade social, económica e xeográfica do Concello.....Máximo 15 puntos.
- Proxecto de xestión de calidade con indicación dos mecanismos de control e avaliación da xestión do servizo, sistemas para avaliación da calidade da atención, percepción e satisfacción do usuario. Formación e consolidación da plantilla, programa informático e aplicacións utilizados para o seguimento e coordinación do servizo..... Máximo 15 puntos.
- Sistemas de coordinación e organización do traballo con usuarios, auxiliares de SAD e técnicos municipais, especificando as función de coordinación e supervisión Máximo 10 puntos.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO IV.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS.

A) **OFERTA ECONÓMICA** : Máximo 40 puntos.

A proposición que oferte o prezo mais baixo obterá a máxima puntuación e a proposición que presente o prezo tipo de licitación obterá 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

B) **MELLORAS (de aplicación anual)**: Máximo 20 puntos.

B.1.-Plan de formación anual continua e obrigatoria do persoal adscrito ao contrato, con descrición de cada unidade formativa: contido, número de horas das unidades de formación, presencial ou a distancia, e perfil profesional ao que se dirixen: Ata un máximo de 4,00 puntos.

Puntuarase con arreglo ó seguinte baremo:

- a) 1,00 puntos por cada acción formativa anual, realizada e pagada a todo o persoal que supere as 75 horas.
- b) 2,00 puntos por cada acción formativa anual, realizada e pagada a todo o persoal que supere as 150 horas.
- c) 3,00 puntos por cada acción formativa anual, realizada e pagada a todo o persoal que supere as 225 horas.
- d) 4,00 puntos por cada acción formativa anual, realizada e pagada a todo o persoal que supere as 300 horas.

B.2.- Servizos Complementarios :

SERVIZO DE PODOLOXÍA: Ata un máximo de 4 Puntos. Puntuarase con arreglo ó seguinte baremo:

- a) 1,00 puntos por unha sesión anual de podoloxía dirixida a cada usuario do servizo.



CONCELLO DE BEGONTE

- b) 2,00 puntos por dúas sesións anuais de podoloxía dirixida a cada usuario do servizo.
- c) 3,00 puntos por tres sesións anuais de podoloxía dirixida a cada usuario do servizo.
- d) 4,00 puntos por catro sesións anuais de podoloxía dirixida a cada usuario do servizo.

SERVIZO DE FISIOTERAPIA: Ata un máximo de 4 Puntos.

- a) 1,00 puntos por ata 25 sesións de fisioterapia anuais.
- b) 2,00 puntos por un número entre 26 e ata 50 sesións de fisioterapia anuais.
- c) 3,00 puntos por un número entre 51 e ata 75 sesións de fisioterapia anuais.
- d) 4,00 puntos por un número entre 76 e ata 100 sesións de fisioterapia anuais.

SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS, para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal: Ata un máximo de 8 puntos.

- a) Grúas de mobilización persoal : 1 punto por unidade (máximo de 4 puntos)
- b) Camas articuladas: 1 punto por unidade (máximo de 4 puntos).



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO V.- RELACIÓN DE PERSOAL A SUBROGAR

01	ALVARIÑO NOVO, M ^a CANDIDA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	INDEFINIDO T. PARCIAL	200	01-12-1999	20:40 H. SEM	09
02	CABARCOS PUMARES, MARIA LUZ	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA	401	11-12-2008	37:55 H. SEM.	09
03	VIGO ESTRAVIZ, MARIA CARMEN	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	09-06-2010	20:45 H. SEM.	09
04	ARIAS GUERREIRO, MONICA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	01-07-2011	30:25 H. SEM.	09
05	LOAIZA DE LOMBANA, MARIA GLORIA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	15-10-2012	16:15 H. SEM.	09
06	CRUZ LOPEZ, MÓNICA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	13-11-2012	22:55 H. SEM.	09
07	DÍAZ DÍAZ, ISABEL	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	12-11-2012	16:15 H. SEM.	09
08	FERNÁNDEZ LOPEZ, SANDRA MARIA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	19-11-2012	32:05 H. SEM.	09
09	BROZ CASTRO, MARIA JOSE	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	21-11-2012	16:19 H. SEM.	09
10	CRUZ COIRA, MARÍA LUZ	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	17-01-2013	16:00 H. SEM.	09
11	LAGE CAZON, MARÍA PILAR	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	03-05-2013	21:30 H SEM.	09
12	CARBALLO FERNANDEZ, SHEILA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	16-05-2013	30:00 H. SEM.	09
13	PRIETO SEUO, NURIA	AUX. AYUDA A DOMICILIO	FIN OBRA T. PARCIAL	501	23-06-2013	25:20 H. SEM.	09
14	RODRÍGUEZ RIVERA, PATRICIA	ASIST. SOCIAL COORDINAD	EVENTUAL	401	01-02-2012	40:00 H. SEM.	02
15	FRESTO FRANCO, VERONICA	AUX. ADMINISTRATIVO	FIN OBRA T. COMPLETO	401	01-04-2010	20:00 H. SEM.	07
16	VÁZQUEZ LESTREGAS, IVAN	COORDINADOR	FIN OBRE T. COMPLETO	401	06-09-2012	20:00 H. SEM.	02

- e) As retribucións aplicables son as establecidas no II Convenio Colectivo para a actividade de Axuda a Domicilio de Galicia segundo táboas salariais para o ano 2011 publicado no DOG 15-2-2012.
- f) O listado de persoal a subrogar foi facilitado pola empresa adxudicataria, sendo a mesma responsable da súa veracidade.